



CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase o Decreto 2025-0733 en data 11/09/2025 onde se resolve:

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleiro don Ramón Rivas Villares as atribucións da alcaldía para oficiar o acto de celebración de matrimonio entre dona Noelia Losada Villares con DNI 76584154L e don Alberto Freire Gómez con DNI 79347240T o día 19/09/2025 ás 10.00 horas no Concello de Guitiriz.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución ás persoas interesadas, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

Guitiriz, 11 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2548

Anuncio

OFERTA EMPREGO PUBLICO COMPLEMENTARIA PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 825/2025

Na Xunta de Goberno Local de data 10/09/2025 adoptouse o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público Complementaria deste Concello para o ano 2025 que contén o seguinte posto de traballo de persoal funcionario:

Denominación	Nº Vacantes	Código	Acceso	Sistema selección
Policia Local	1	16	Libre / Movilidade	Oposición libre / Concurso (Movilidade)

SEGUNDO.- Que se publique no taboleiro de anuncios da Corporación, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no DOGA.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 11 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2549

O INCIO*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión extraordinaria de data 27 de agosto de 2025, o Regulamento do Programa “Xantar na Casa” do Concello do Incio, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados podan proceder ó seu exame e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o Regulamento do Programa “Xantar na Casa” entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 17.3 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. .

O Incio, 11 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Héctor Manuel Corujo González.

R. 2550

PORTOMARÍN*Anuncio*

Aprobado o PADRON de:

-Tasa SAF periodo XUÑO de 2025.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 17 de DE XULLO 2025 ao 17 DE AGOSTO de 2025.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por calqu coastancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da A Banca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interponerse ambos recursos de forma simultanea.

Transcurrido o prazo de ingreso no periodo voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondientes ao periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 17 de xullo de 2025.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2551

SARRIA*Anuncio*

Mediante Decreto 2025-1453, de data 12/09/2025, o Sr. Alcalde do Concello de Sarria acordou o seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA – CORRECCIÓN DE ERROS

Antecedentes:

Mediante Decreto de Alcaldía 2025-1354, de data 22/08/2025, aprobáronse as bases do proceso de selección para a cobertura, como funcionario de carreira, de catro de prazas de Auxiliar Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2, polo sistema de concurso-oposición libre, incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Sarria do ano 2023.

Estas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº201 de data 02/09/2025. Publicouse extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº176 de data 12/09/2025.

Advertítese un erro de transcripción no apartado 5 das bases, no cal se fai referencia aos requisitos das persoas aspirantes, xa que contén dúas letra “f”, cando a última letra da enumeración dos apartados debería ser a “h” e a referencia á non esixibilidade de requisito se debería referir á posesión do Celga 3.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas respecto da corrección de erros materiais, de feito ou aritméticos.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Corrixir o erro de transcripción producido no apartado número 5 das bases do proceso de selección aprobadas mediante Decreto 2025-1354, de data 22/08/2025, nos seguintes termos:

Onde di:

“5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Titulación académica: estar en posesión da titulación esixible para acceso ó corpo de auxiliar administrativo, grupo C2: estar en posesión ou en condición de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, observárase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegárase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditárase na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditárase na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberá referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditárase na declaración xurada incluída na instancia).

f) Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 3 ou equivalente. Este requisito será, no seu caso, substituído pola proba de avaliación reflectida no apartado 9.1.3.d.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de nomeamento, coa exclusión do especificado no apartado f).

Debe dicir:

“5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Titulación académica: estar en posesión da titulación esixible para acceso ó corpo de auxiliar administrativo, grupo C2: estar en posesión ou en condición de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarse ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.

g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

h) Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 3 ou equivalente. Este requisito será, no seu caso, substituído pola proba de avaliación reflectida no apartado 9.1.3.d.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de nomeamento, coa exclusión do especificado no apartado h)".

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, facendo referencia no extracto que se publique no Boletín Oficial do Estado á presente corrección.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe.

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 12 de setembro de 2025.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2552

XERMADE

Anuncio

Aprobación listaxe de admitidos/as no proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura de 2 prazas de operarios/as servizos múltiples, nomeamento do tribunal e fixación da data da fase de concurso. Expte. 697/2024.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2025-0431 de data 15/09/2025, dispúxose o seguinte:

“(…) Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura de 2 prazas de operarios/as servizos múltiples:

Persoas admitidas:

ORDE	Nº REXISTRO ENTRADA	APELIDOS E NOME	DNI
1	2025-E-RC-1115	VILLAR LOUREIRO, MIGUEL	33***041B
2	2025-E-RC-1147	GOLDAR GARCÍA, JOSÉ MIGUEL	76***658P
3	2025-E-RC-1154	LAMEIRO POUPARIÑA, RAMÓN	33***791R
4	2025-E-RC-1166	FERNÁNDEZ FERREIRO, FRANCISCO JAVIER	33***198K
5	2025-E-RC-1195	GONZÁLEZ VAZQUEZ, JUAN JOSÉ	32***151Y
6	2025-E-RC-1252	PÉREZ CORRAL, ABEL	76***024H
7	2025-E-RE-590/595	SOTO SOTO, MARÍA EMMA	32***323L

Persoas excluídas:

Ningunha

Segundo.- Nomear ao Tribunal cualificador, formado polos seguintes membros:

Presidente/a:

Dª. M.ª Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello de Monterroso (titular)

Dª. María Luz Balsa Rábade, secretaria do Concello de Viveiro (suplente)

Vogais:

1º vogal: Dona Lidia González Abelleira, técnica mantemento e conservación (arquitecta técnica), na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo (titular)

Don Pablo Muiña Rivas, oficial servizos múltiples apoio mantemento centros, na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo(suplente)

2º vogal: D. Ernesto Ares Yáñez, técnico local de emprego do Concello de Xermade (titular)

Dª. Ana Oseira Portela, administrativo do Concello de Xermade (suplente)

3º vogal: Dª. Iria Mª. Pico Roca, administrativo do Concello de Xermade (titular)

D. José Luis Mato Vázquez, administrativo do Concello de Monterroso (suplente)

Secretario/a: Dª. María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (titular)

Dª. Sandra Mª García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro (suplente)

Terceiro.- Citar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do tribunal e valoración de méritos o xoves día 25 de setembro de 2025 ás 10:00 horas na sala de sesións da Casa do Concello de Xermade.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.

As seguintes comunicacións relativas ao presente proceso selectivo serán efectuadas a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xermade (<https://concelloxermade.sedelectronica.es/board>)."

Xermade, 17 de setembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2553

Anuncio

Aprobación listaxe definitiva de admitidos/as no proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar de biblioteca, nomeamento do tribunal e fixación da primeira proba. Expte. 698/2024.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2025-0430 de data 15/09/2025, dispúxose o seguinte:

Anuncio publicado en: Num BOP 215 año 2025 (18/09/2025 08:00:00)

“(…) Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura de dunha praza de auxiliar de biblioteca:

Persoas admitidas:

ORDE	Nº REXISTRO ENTRADA	APELIDOS E NOME	DNI
1	2025-E-RE-347	FERNANDEZ PERAL, EDUARDO	32***302Z
2	2025-E-RE-447	IGLESIAS SAAVEDRA, CARMEN	32***822B
3	2025-E-RE-450	ALONSO DOMINGUEZ, MIRIAM	33***917H
4	2025-E-RE-461	FERNANDEZ PERAL, EDUARDO	32***302Z
5	2025-E-RE-462	LAMELAS RAMOS, AINHOA	32***235H
6	2025-E-RE-463	BECERRA RIOS, LAURA	49***663M
7	2025-E-RE-466	ARAGUNDI TRIÑANES, MORAIMA	53***245S
8	2025-E-RE-469	VAZQUEZ MARTINEZ, ALIA	76***767B
9	2025-E-RE-473	FEAL ALLEGUE, LUCAS	32***670C
10	2025-E-RE-478	OROSA LOPEZ, CRISTINA ELENA	76***107P
11	2025-E-RE-479	PEREZ FERNANDEZ, LAURA	34***623M
12	2025-E-RE-481	GONZÁLEZ ROMERO, CARLA	48***396S
13	2025-E-RE-482/567	DE SOTO GARCIA, ELISA MARIA	34***567L
14	2025-E-RC-1125	NACIMIENTO GARCIA, SEILA	07***890B
15	2025-E-RE-492	FORMOSO GARCIA, MARIA CONCEPCION	32***233C
16	2025-E-RE-496	VAZQUEZ PEREIRA, EUGENIA	33***015Z

ORDE	Nº REXISTRO ENTRADA	APELIDOS E NOME	DNI
17	2025-E-RE-500	ARIAS MAS, BORJA	44***177K
18	2025-E-RE-503	CANTO GONZALEZ, INES	76***454C
19	2025-E-RE-505	VIDAL CERVO, SONIA	34***360D
20	2025-E-RC-1140	GARABAL RODRIGUEZ, SAMUEL	35***826D
21	2025-E-RC-508	DE MATOS MOREIRA, MIGUEL LUIS	Y79***59F
22	2025-E-RE-510	LOPEZ HORTAS, LUCIA	33***282G
23	2025-E-RE-516/570	DEL VALLE VAZQUEZ, ANA BRANCA	33***098C
24	2025-E-RC-1151	LAGE GÓMEZ, ADRIÁN	79***954P
25	2025-E-RE-532	GOMEZ LOPEZ, ESTHER	44***260P
26	2025-E-RE-536	SAAVEDRA BLANCO, MARCOS	33***743M
27	2025-E-RE-537	RUIBAL DURAN, ATENEA	76***518J
28	2025-E-RE-565	PARDO VILA, LAURA MARIA	33***980R
29	2025-E-RE-569	CABRERA DELGADO, MARIA EUGENIA	32***941R
30	2025-E-RC-1219	BLANCO PURRIÑOS, JENNIFER	45***450X

31	2025-E-RE-575	OTERO PÉREZ, JAVIER	35***301A
32	2025-E-RC-1233	LOUREIRO VILLANUEVA, DANIEL RICARDO	45***967R
33	2025-E-RE-589	REYES BURGELL, PAULA VALENTINA	49***670S
34	2025-E-RC-1269	VILLAR PENA, BEATRIZ	46***133L
35	2025-E-RE-598	CORTIZAS DIAZ, ANA MARIA	32***655Y
36	2025-E-RE-599/601	LOPEZ MIRAGAYA, BEATRIZ EUGENIA	32***726Z
37	2025-E-RE-600	GARCIA VIDAL, ROI	53***623Z
38	2025-E-RE-602	TUÑAS PUENTES, INES	49***043N
39	2025-E-RC-1277	RODRIGUEZ YUSTE, MARIA	34***640X
40	2025-E-RE-596	NÚÑEZ VILA, ANXO	44***541V

Persoas excluídas:

ORDE	Nº REXISTRO ENTRADA	APELIDOS E NOME	DNI	Motivo de exclusión
1	2025-E-RE-566	LÓPEZ CASTRO, NOEMI	32***048Q	Non achega pago de taxas

Segundo.- Nomear ao Tribunal cualificador, formado polos seguintes membros:

Presidente/a:

D^a. M.^a Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello de Monterroso (titular)

D^a. María Luz Balsa Rábade, secretaria do Concello de Viveiro (suplente)

Vogais:

1º vogal: D. Juan Ignacio Márquez Barros, auxiliar de biblioteca no Museo Provincial Pazo de Tor da Rede Museística da Deputación de Lugo (titular)

D^a. Blanca María Pacín Somoza, auxiliar de biblioteca no departamento biblioteca e arquivo no Museo Provincial da Deputación de Lugo (suplente)

2º vogal: D. Ernesto Ares Yáñez, técnico local de emprego do Concello de Xermade (titular)

D^a. Iria M^a. Pico Roca, administrativo do Concello de Xermade (suplente)

3º vogal: D^a. María González Cabarcos, administrativa da xefatura territorial de Educación da Xunta de Galicia (titular) (titular)

D. José Orosa González, administrativo do Concello de Muras (suplente)

Secretario/a: D^a. María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (titular)

D^a. Sandra M^a García Chenlo, secretaria- interventora do Concello de Dodro (suplente)

Terceiro.- Citar aos membros do tribunal cualificador para a constitución do tribunal o xoves día 25 de setembro de 2025 ás 11:30 horas na sala de sesións da Casa do Concello de Xermade.

Cuarto.- Convocar en único chamamento ós/ás aspirantes admitidos/as para que comparezan o vindeiro xoves día 25 de setembro de 2025 ás 12:00 horas, aos efectos de realización da primeira proba no pavillón municipal de Xermade, sito na avenida de As Pontes, municipio de Xermade, provistos de DNI e bolígrafo.

Quinto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.

As seguintes comunicacións relativas ao presente proceso selectivo serán efectuadas a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Xermade (<https://concelloxermade.sedelectronica.es/board>)."

Xermade, 15 de setembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2554